



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 29.08.2025

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 29 de agosto de 2025 ás 14:45 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Ratificación da urxencia

2. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria e urxente do 22.08.2025

3. Expediente núm. 2025/C004/000002. Adxudicación do contrato dos servizos de “Xerencia e dinamización do espazo de coworking Casa do Pescador do Concello de Miño”

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira